

Dez anos de *Ulises* en galego

Unha digresión necesaria.

Pódese vivir sen ler o *Ulises*?


XAVIER QUEIPO

A resposta a esa pregunta paréceme clara: pois claro que se pode, e moi ben, e por moitos anos. Esta é a premissa de partida (hipótese, se o prefiren): “Pódese vivir sen ler o *Ulises*”. Haberá quen salouque aliviado, pois vén de atopar xustificación válida para o seu pretendido desleixo intelectual. Haberá, na outra banda, quen se escandalice de que unha tal obra poida ser retirada do **canón** particular dun intelectual occidental, ou de alguén que se queira considerar como tal. Benvinda a diversidade de opinións/opcións en todos os eidos das artes e do pensamento, na música e no sexo, nos costumes e na literatura potencial.

A seguir, logo desta hipótese talvez irreverente, presentarei algunhas digresións complementarias da hipótese inicial, quer a nivel colectivo, sobre a necesidade/oportunidade da tradución do *Ulises* para o galego¹, quer a nivel individual, sobre a pulsión que me levou a ler primeiro e a axudar máis adiante na tradución do *Ulises*.

Antecedentes: a tradución (?) de Otero Pedrayo, ese mito que conviña apuntalar

Aínda se conserva, no pazo de Trasalba, en Amoeiro (Ourense), un dos obxectos míticos da xeración Nós, o exemplar do *Ulysses* de Joyce que tiña no seu poder Ramón Otero Pedrayo. O



exemplar ten como característica máis sobranceira a de estar escastrado, non está moi claro aínda se de usalo e volvelo usar ou por sufrir varias mudanzas na vida do seu propietario. En principio, un elemento foráneo á nosa cultura, mais arredor do que naceu unha lenda, senón un mito: o da modernidade da xeración Nós e, por extensión, da cultura galega do inicio do século XX. Ninguén gardaría un obxecto así sen restauralo, deixando que fique, se non no esquecemento, si no anonimato dos andeis da casa de Trasalba, mais aquí somos así. Propoño que teña, pois, malia ser obxecto foráneo, tratamento de tesouro de nación, pois garda o segredo da modernidade e o pulo dos que trazaron o camiño da renovación cultural dun país que nin sequera


sabía que era un país.

Todos os procesos de pensamento tribal parten dun mito, ou isto polo menos é o que nos ensina a antropoloxía cultural clásica, pois cando Lévi-Strauss escribe os seus *Tristes trópicos* ou Bronisław Malinowski describe os crimes e os costumes da sociedade das illas Trobriand, en Oceanía, non están senón mostrando o camiño da xestación e persistencia dos mitos. O mito do *Ulises* en Galicia xorde en 1926 coa presentación do texto por parte de Vicente Risco e a tradución parcial de Ramón Otero Pedrayo, dous intelectuais senlleiros da xeración Nós.

Xavier Queipo médico, biólogo, escritor
e cotradutor do *Ulises* para o galego.

Moito se ten falado da tradución de Otero Pedrayo no número 32 da revista Nós, de xeito que non é infrecuente entre xente non avisada pensar que unha outra tradución non era necesaria, pois o *Ulysses* xa o traducira Otero. A realidade é outra: Otero traduciu, facendo un cálculo aproximativo, non mais alá do dous por cento do texto de Joyce, en particular fragmentos de dous capítulos denominados “Ithaca” e “Cyclops”. Por iso a polémica de se traduciu directamente do inglés, que non era unha lingua súa de uso común, mais que hai probas de que estudou, ou se o fixo a partir da tradución ao francés de Larbaud, é totalmente espuria. Éo, en particular, porque Otero non se enfrontou coa tradución do libro na súa integridade (o que require un coñecemento avanzado da lingua inglesa falada en Hibernia), senón duns anacos de textos sen especiais dificultades. Ademais diso, a polémica é espuria porque un tradutor usa todos os recursos que están na súa man, incluídas as versións noutras linguas que lle son máis próximas (por certo, hoxe eses recursos, comprendidos todos os estudos académicos sobre a obra, son moito máis abundantes que no tempo de Otero). O máis probable é que usase a sétima reimpresión, de 1925, da novela orixinal, publicada en París en 1922 por Shakespeare & Company, e que, coa axuda do seu profesor de inglés e da tradución de Larbaud ao francés, vertese ao galego este pequeno mando de fragmentos escollidos, con certeza, tanto pola súa orixinalidade narrativa como pola súa simplicidade.

O gran valor da tradución de Otero radica na oportunidade, no tempo en que se fixo, no que significou no seu momento. A súa importancia está en transmitiren a primicia dunha escrita van-



1. James Joyce (2013). *Ulises* (trad. de Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Vialle). Vig: Editorial Galaxia.

gardista, unha chamada de atención para dicir: hai outros xeitos de escribir, hai voltas e reviravoltas que cómpre experimentar, hai literaturas en países irmáns que son vangarda da literatura mundial. A mensaxe implícita era que os intelectuais galegos estaban ao nivel desa vangarda, chegada directamente de Europa sen pasar por Madrid.

Un dez para Otero, pois, na modernidade, e un dez tamén para Risco e Otero, en tándem, polo altruísmo de compartir unha experiencia de lectura.

Otero dispuña de moitos menos elementos dos que agora nós temos para se enfrontar á tradución dun texto tan complexo. Pasados máis dun cento de anos dende a súa publicación, (90 cando se rematou a tradución para o galego), existen hoxe moitas de traballos sobre o *Ulises* con anotacións, e indicacións diversas, unha hipertrofia do aparato crítico que constitúe, asemade, bendición e maldición para quen se aventure a traducilo. Beizón porque o camiño de ler o *Ulises* endexamais estivera tan (relativamente) expedito. Maldición porque a inflación de traballos sobre o tema complica o labor por canto mingua os graos de liberdade que sempre precisa quen traduce. Existen, ademais, traducións xa canónicas a outras moitas linguas, o que constitúe unha grande axuda para os tradutores (unhas veces en positivo: como facer; outras en negativo: como non facer). Lembremos igualmente que Otero non traducía para unha lingua normativizada, mentres que hoxe existe un padrón do galego escrito, requisito para emular a subversión lingüística de Joyce: cando a norma está ben establecida, a súa transgresión é máis perceptíbel. Iso axuda a situar a obra traducida, a presentala nun galego accesíbel aos lectores potenciais.

Este traballo de traducir o *Ulises* de punta a couce vén rematar, daquela, ese 98 por cento do traballo que estaba por facer, e vén revisar, xa de camiño, o traballo feito polos que nos precederan no empeño. Representa fechar un círculo, clausurar unha vía, tirar unha espíña que tiñamos crava-

da na gorxa e que estaba a piques de nos esganar, de nos deixar sen aire, arfando de impotencia por non sermos quen de recoller o legado dos antepasados de nós —de Nós— e dar por finalizada a tradución.

Cando se presentou a tradución na sede da Real Academia Galega, un dos tradutores creu ver un sorriso de agradecemento no rostro de Otero, presente non só no retrato do acceso ao salón de actos, senón tamén en espírito, encarnado nun cabaleiro de idade provecta que sentara nas últimas fileiras. Tamén creu ver un aceno de desgusto pola minguada presenza de académicos nun acto que, precisamente por insistencia deles, se trasladara dende Vigo —onde está a casa matriz de Galaxia— á rúa Tabernas da Coruña, un acto que constituía unha celebración cívica de respecto por toda unha xeración de intelectuais galegos.

Psicopatoloxía do tradutor: aventurarse nunha tradución

Estudei e practiquei varias especialidades de Ciencias Naturais, incluída a Medicina. Neses anos de estudo, os meus profesores aprenderáname o método científico, aquel que leva da observación sistemática do particular á medición, á experimentación e modificación —se necesario— das hipóteses de inicio até convertelas, se cadra, en teses. Nas ciencias da vida, o método científico precisa da refutación da hipótese contraria, de que se dea a circunstancia da capacidade de reproducir os experimentos e da posibilidade de repetición dos mesmos. Todo iso corroborado por pares (é dicir, expertos na mesma materia) e, tendo como norma minimizar a subxectividade.

Teño para min, pois, que a tradución non segue o método científico e, daquela, cando a practiquei sentínme incómodo. Síntome aínda cada vez que a practico. Así e todo, considéroa unha necesidade para un escritor, entre outras cousas para asumir aqueles retos que a propia escrita lle vai supoñer (encrucilladas, decisións).



Marilyn lendo a Joyce

Aínda que é certo que non hai que estar necesariamente desequilibrado para ser artista, a meirande parte deles si o están. A tendencia que nos conduce á creación é unha constante nada, con certeza, do malestar na contorna que nos tocou vivir (económica, social, cultural...). Dito doutro xeito, estar desequilibrado psicolóxicamente é condición necesaria, aínda que non suficiente para ser artista. Senón é así, non se entende esa procura constante, esa paixón desaforada, esa exploración permanente, esa elección do camiño non experimentado (*the way not taken*). Así, os que se repiten até a náusea non son artistas, son outra cousa, moitas veces oportunistas da peor especie, sexan poetas malditos ou músicos de catro acordes.

Os escritores obsesivos (e que outra cousa son os tradutores senón re-escritores e, porén artistas), non teñen método fixo, poden escribir en calquera tempo e lugar, levados polos sonhos como materia fantástica, tocando terra cun mapa do transporte público dunha cidade afastada ou

levados por unha nota na caixa do correo. Non precisan de illamentos estupendos —un mosteiro a carón dun río ou unha cabana nas illas de Aran—. O segredo está en escribir sempre, en todo tempo e lugar: nun avión ou nun tren de baixa velocidade, na consulta do dentista ou na noite, logo de acordar dun pesadelo. A fonte de inspiración é a vida mesma, no exterior (ecos dos sentidos) e no interior (soños, reflexións, acordares). Do que entra polos sentidos e do que se procesa, consciente ou inconscientemente. Por iso, se cadra, o *steam of unconsciousness* de Joyce non nos resulta estraño.

Os escritores obsesivos insisten na revisión dos seus textos, non escriben cada noite un capítulo dunha novela. Son persistentes na procura de variados ángulos e derivacións, corrixen e corrixen outra vez (a dúbida como enerxía potencial), até que xa non son quen de ver o que está escrito, saltando por riba de sintaxes non canónicas ou de neoloxismos estupendos. Non é acaso Joyce un caníbal autófago, como tantos outros escritores (vostedes coñecerán algún, sen dúbida), que levados polas súas obsesións se devoran a si mesmos, sumidos nun consumo compulsivo de substancias. Ou é que Trieste non foi para Joyce un pozo sen fondo onde beber o mundo. Joyce, si, ese paradigma da revolución da literatura occidental².

A música, si a música é o único que se percibe chegado un momento de cansazo na lectura e na corrección sistemática. Pois por iso mesmo, e polo contrario, loucos, obsesivos, destemidos, desequilibrados ou inocentes tiñamos que ser/estar para aventurarnos neste periplo entre dous portos afastados.

Algunhas consideracións necesarias

O interese que dende hai máis dun un cento de anos fai acordar a lectura ou a referencia a este libro, vén polo feito de entender a crítica literaria que esta obra (e tamén o resto da obra do autor), é unha pedra miliar na literatura occidental (índice e cifra da modernidade no tempo das vangardas do século XX) e, porén, de interese xeral para quen queira vivir instaurado nesa cultura literaria. Entre outras cousas, entendo, para evitar ver novidade nalgúns obras contemporáneas, cando a pretendida novidade xa estaba escrita/inscrita no *Ulyses* e en moitos outros textos clásicos, que un escritor, polo seu oficio conviría que coñecera. Ademais, o feito de que os dous grandes sistemas literarios de lingua anglosaxoa (Os EUA e Gran Bretaña), renegaran deste libro publicado en París e escrito nos varios lugares de exilio do seu autor, dálle tamén un aura, senón de misterio, si

de inconveniencia e/ou malditismo. Enténdase, tamén, que o libro estivo prohibido en Irlanda, país do que Joyce era orixinario, até pasados 50 anos da súa publicación. Agora, claro, fan acto de contrición e propósito da emenda (como bos católicos que din que son), para explotar o turismo e as súas derivadas capitalistas.

Seguindo na mesma onda de argumentos, dicir que *Ulysses* ten as súas raíces alí onde as ten a literatura occidental, nas epopeas homéricas que teñen como protagonista a Ulises/Odisseo. Mesmo se Troia non é saqueada, Helena non é rapta e non se libran grandes batallas ou fazañas dignas de tal nome, case nada relevante acontece naquel 16 de xuño de 1904, mais aínda así, as vagabundaxes de Leopold Bloom non deixan de ser unha odisea, a do amor non correspondido, a do flagrante adulterio, a da vida gris dun escribinte. Nun dos seus capítulos máis coñecidos, Penélope ou o monólogo de Molly, Joyce preséntanos o que el chama *Steam of subconsciousness*, torrente do subconsciente, que despois sería imitado en inúmeras ocasións. Por certo, unha variación do mesmo torrente que nos ofrece Virginia Woolf en *Mrs Dalloway* (publicado no mesmo ano que *Ulysses*), cando Septimus Smith, vai relatando os seus tormentos cando experimentando o que se podería denominar hoxe *post traumatic stress disorder*). Si, en verdade, para acometer ao *Ulysses*, precísase unha lectura atenta, pois Joyce, como T. S. Eliott en *Waste Land* (publicada tamén en 1922), demanda un grande esforzo dos lectores, de xeito que hai que avanzar con moito tino para non perecer na chaira de Escamandro, enganado polos múltiples trapelas, polo basto labirinto e as encrucilladas que Joyce propón no seu texto. Difícil, certamente, mais non por iso menos apaixonante e... divertido.

Cantas veces terei escoitado unha pregunta: é necesario ler o *Ulyses*? Non teño resposta para iso ou se cadra a resposta é tan evidente que non precisa argumento. Non son eu tan ousado como para establecer un canon da literatura universal; mais tamén é verdade que esta cuestión se repite cando a un lle preguntan pola *Divina comedia*, por *A la recherche du temps perdu*, ou por algúns outros clásicos, considerados difíciles e/ou soporíferos. Neste caso a resposta é ben sinxela e admite pouca discusión: O *Ulyses* modificou o *status quo* da narrativa culta occidental e, por tanto, constitúe unha obra de referencia académica, o que se pode ampliar aos lectores cultos.

Cantas veces non terei eu visto nas redes esa imaxe icónica de Marilyn Monroe, sentada nun escano, co *Ulyses* de Joyce na man, lendo con atención. Case sempre a imaxe é/foi utilizada para se-

mentar a dúbida —inzada de prexuízos—, de se a actriz (á que case sempre lle propoñían papeis de rapaza lourea e sentimentalmente algo torpe), estivese realmente lendo aquel libro difícil e, porén, de lectura impensábel para unha lourea algo superficial (por utilizar un adxectivo leve), por moi casada que ela estivera co recoñecido escritor Arthur Miller.

Esa imaxe de libro difícil é unha das lousas que, xa dende a súa aparición en 1922, pesa sobre esta obra. Está claro que non é unha novela desas que “enganchan” dende a primeira páxina e daquela —os lectores comentan entusiasmados, como en transo— non a poden deixar e seguen a noite toda, con cafés e cigarros, até que descubren quen é o asasino, o porqué da trama histórica ou quen é o responsábel da distopia/aberración, que xa se está vivindo neste noso país imaxinario.

Como acontece con tantas outras obras da literatura universal —e iso é case un oxímoro—, esta en particular ten varios niveis de lectura. Un, como lector avisado e maniático, pode porfiar en “entender” e/ou “coñecer” todas e cada unha das referencias contidas nunha obra literaria (o que adoita ser traballo de titáns, aínda que co paso do tempo, grazas aos titáns académicos, para as varias delas xa citadas existen manuais de interpretación e AZ coas claves de cada concepto, cita ou palabra común). Outros lectores menos sistemáticos ou menos obsesivos (as obsesións non son nin boas nin mas), poden decidir pasar por alto o que non entendan á primeira e decidir así, esquecer as variadas referencias ou algunhas delas, dependendo do nivel de entusiasmo ou de desleixo (que, por certo, é algo que pode mudar dunha lectura a outra consonte ao estado de ánimo e a implicación do lector). Ademais, non é a mesma a lectura que se pode facer se un forma parte, no espazo e no tempo, do ecosistema cultural do escritor (é irlandés e próximo no tempo á xeración de Joyce, por exemplo), ou se un pertence a unha cultura diferente e vive nun tempo tamén moi diferente e cada vez máis afastado. Nese sentido as lecturas de Risco e Otero (guías joycianos da xeración Nós), non poden ser as mesmas que a nosa, tantas décadas pasadas.

Noutras palabras, non é o mesmo que un sexa un lector superficial (daqueles que non se paran a analizar o que están lendo), que un lector analítico (parte de cuxo goce literario consiste en descubrir as voltas e reviravoltas formais e simbólicas dun texto), ou aínda dun académico especialista (que vai alén da análise para construír unha tese). Son moitas as variábeis no acto e nas coordenadas na lectura e, por tanto, son moitas as variacións, as probabilidades e combinatorias.

A mensaxe central desta serie de digresións é, que, cando lles reine, entren nas páxinas do *Ulises*, sen prexuízos e se apriorismos, sen medo mais tamén sen necesidade de todo saber, todo entender, todo abarcar: só así poderán gozar, evadirse, remoer, rir ou sorrir, por descontado, pensar, que é do que se trata: de gozar dunha lectura agradábel.

As outras mensaxes, enténdase, foron argumentadas en comunicacións anteriores: a tradución ao galego foi un traballo de equipo (ou de equipos, en puridade), composto por seres deste-midos e algo loucos, pois de non selo, non terían rematado o seu traballo, que xa entenderon foi un *tour de force*.

Argumentarán que non escribín nada que vos-tes non saiban. Diso se trata nos ensaios, de que o lector pense que sabe ben máis que o escribe, que iso que conta xa eran as súas ideas propias antes de comezar a lectura do texto, reafirmándose así no seu lugar privilexiado, como individuo culto e ben informado. Diso se trata, de mantelos contentos, de pedir-lles que abran e non abran o libro, de dicir que nós, como galegos, fixemos ben en traducilo (e outros consideraron que o traducíramos moi ben e nos deron unha mancha de premios). Trátase tamén, como case sempre que un aborda un mito (neste caso literario), de relativizar a súa importancia, enténdase, sen negala en absoluto, de rebater o propio canon da literatura occidental (da autoría de outro Bloom, un tal Harold), non como referente, senón como o único canon posíbel, pois nin se pode nin se debe equiparar literatura mundial con literatura anglosaxoa.

Daquela, reafirmome na idea de que se pode vivir sen ler o *Ulises*, e moi ben e por moitos anos, mais eu lino e goceino e agora, pasado o tempo, atopei na súa lectura fraccionada un calidoscopio fractal, unha sensación cuántica, un goce recorrente. Vostedes verán o que fan, meus, por que así os quero, autónomos e reflexivos, felices e diferentes ■

2. Pídlles, por favor, como hipótese de partida, que non identifiquen literatura mundial con literatura occidental nin esta con literatura anglosaxoa. Certo que hai entre elas extensas áreas de superposición, mais non son o mesmo.